

*Resolución do 4 de febreiro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria para a concesión de subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego.*

A Axencia Galega das Industrias Culturais -Agadic-, no exercicio das súas competencias de fomento do audiovisual galego, consciente da importancia de establecer liñas de apoio para facilitar a emerxencia do talento e a innovación audiovisual, propónse realizar un programa que aposte pola aparición de novos creadores audiovisuais en Galicia, así como a promoción de novas estéticas narrativas ou experimentais de decidido contido artístico e cultural, co propósito de contribuír á promoción da diversidade cultural e ao desenvolvemento de novas formas de expresión audiovisual dentro do noso país.

Por medio desta convocatoria de subvencións, a Axencia Galega das Industrias Culturais pretende fomentar a creación cultural no campo do sector audiovisual e, en concreto, a escrita de guións e a realización de curtametraxes ou longametraxes dixitais de decidida vocación artística e cultural realizadas por creadores individuais.

Nesta resolución establécense as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións para a escrita e produción de proxectos en versión orixinal galega -entendendo como tal a rodaxe/gravación en lingua galega- co obxectivo de estimular a creación de novos profesionais da industria audiovisual galega, impulsar as novas tecnoloxías e contribuír ao cumprimento das tarefas que a Lei do audiovisual atribúe ao sector na normalización da lingua galega.

Por todo isto,

#### **DISPOÑO:**

##### **Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.**

1. Por esta resolución establécense as bases reguladoras da concesión de subvencións de creación audiovisual para a escrita individual de guións e a realización de curtametraxes e longametraxes en soporte dixital que se inclúen no anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas axudas para o ano 2009.

##### **Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.**

1. Para a concesión das subvencións destínase un crédito global de 500.000 euros correspondente á aplicación 12.A1.432B.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos anos 2009 e 2010, distribuídos do seguinte xeito: 400.000 euros para o ano 2009 e 100.000 euros para o ano 2010. As ditas cantidades poderán ser incrementadas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o cal poderá dar lugar á concesión de máis axudas de acordo coa orde de prelación dos solicitantes que resulte de aplicación dos criterios de valoración do artigo 8º das bases reguladoras.

2. A axuda que se concederá asume a forma de axuda a fondo perdido e a súa contía non poderá superar o importe do orzamento total do proxecto de creación. En todo caso, o importe das axudas concedidas non

poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas, supere o custo total do orzamento do proxecto audiovisual.

##### **Artigo 3º.-Beneficiarios.**

1. Para poder ser beneficiario das subvencións, deberase presentar unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 3º das bases reguladoras.

2. A solicitude de subvención (anexo II) e os demais anexos que a acompañan (anexo III) poderanse obter a través do enderezo da internet [www.axenciaaudiovisualgalega.org](http://www.axenciaaudiovisualgalega.org).

##### **Artigo 4º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.**

1. As solicitudes presentaranse preferentemente no rexistro da Axencia Galega das Industrias Culturais, no rexistro xeral de servizos centrais da Xunta de Galicia ou por calquera dos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

##### **Artigo 5º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.**

1. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

2. Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes aos proxectos recollidos nesta resolución será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

##### **Artigo 6º.-Prazo de xustificación das subvencións.**

1. O prazo de xustificación para as subvencións de carácter anual rematará o 31 de outubro de 2009.

2. Os prazos de xustificación das correspondentes anualidades para as subvencións de carácter bianual rematarán nas seguintes datas:

Anualidade de 2009: 31 de outubro de 2009.

Anualidade de 2010: 31 de outubro de 2010.

##### **Artigo 7º.-Información aos interesados.**

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería ([www.culturae-deporte.xunta.es/](http://www.culturae-deporte.xunta.es/)), na súa epígrafe de axudas e trámites.

b) Teléfono: 981 57 50 00.

c) Páxina web: [www.axenciaaudiovisualgalega.org](http://www.axenciaaudiovisualgalega.org).

*Disposicións derradeiras**Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director da Agadic para ditar as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

*Segunda.-Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2009.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Presidenta do Consello de Dirección da Axencia  
Galega das Industrias Culturais

**ANEXO I****Bases reguladoras para a concesión de subvencións para a promoción e desenvolvemento do talento audiovisual galego***Artigo 1º.-Obxecto e réxime das axudas.*

Poderán ser obxecto de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais as seguintes modalidades de proxectos presentados por creadores individuais:

Modalidade A: escrita individual de guión. Subvencións para proxectos de guión de obras orixinais ou adaptación de obras literarias, para longametraxes de ficción, documentais ou películas para TV. A contía máxima por proxecto será de 12.000 euros, á que serán de aplicación as retencións impositivas legalmente previstas.

Modalidade B: curtametraxe en soporte dixital. Subvencións para a produción de proxectos de curtametraxes gravadas en versión orixinal galega -ficción, animación ou documental- cunha duración inferior a 30 minutos. As subvencións terán unha contía máxima de 6.000 euros, á cal serán de aplicación as retencións impositivas legalmente previstas.

Modalidade C: curtametraxes experimentais. Subvencións para a produción de curtametraxes innovadoras ou experimentais. Serán obxecto desta modalidade aqueles proxectos e obras experimentais de decidido contido artístico e cultural. A axuda máxima por proxecto ascende a 10.000 euros, á cal serán de aplicación as retencións impositivas legalmente previstas.

Os proxectos conterán as seguintes características:

-Que propoñan unha ruptura cos códigos narrativos convencionais, é dicir, que vaian alén do tratamento formal das imaxes, dos virtuosismos da montaxe, dun uso do son innovador, dunha mestizaxe de xéneros ou da alteración máis ou menos radical da linealidade narrativa.

-Que aposten polo proceso de rodaxe-gravación como método para atopar unha historia, para captar unha experiencia reveladora que tería sido imposible prever literariamente ou preparar dramaticamente, ou para crear un universo propio comunicable.

-Que supoñan unha indagación subxectiva radical ou unha exploración de universos temáticos polos cales non se aventuran a miúdo as obras audiovisuais.

Modalidade D: longametraxes en soporte dixital. Producións audiovisuais gravadas en soporte dixital de duración superior a 60 minutos, de baixo orzamento, que polas súas especiais características creativas se consideren de difícil financiamento. A axuda máxima por proxecto será de 30.000 euros, á cal serán de aplicación as retencións impositivas legalmente previstas.

Cada proxecto deberá estar inscrito nun só tipo ou modalidade e estas non poderán ser acumulables.

*Artigo 2º.-Beneficiarios.*

1. Poderán optar a estas subvencións todas as persoas físicas naturais ou residentes, cando menos por un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non poderán acceder ás subvencións os solicitantes que se encontren afectados por algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de axudas de Galicia.

*Artigo 3º.-Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI do solicitante.
- b) Declaración subscrita polo solicitante de que o proxecto é obra orixinal e non foi desenvolvido.
- c) Declaración de autorización expresa do propietario dos dereitos da obra preexistente.
- d) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, na cal conste: ordinal bancario, código de banco, código da sucursal e código da conta corrente.
- e) Certificado de empadramento en Galicia do solicitante residente en Galicia.

3. Ademais da documentación anterior, achegaranse seis exemplares encadernados da seguinte documentación técnica:

Modalidade A: escrita individual de guión.

- A) Historial profesional do solicitante.
- B) Memoria explicativa do proxecto cunha extensión mínima de cinco páxinas, onde se inclúa unha reflexión sobre a viabilidade do proxecto no audiovisual galego.
- C) Sinopse argumental cunha extensión máxima dunha páxina.
- D) Tratamento ou argumento do proxecto de guión, cunha extensión mínima de 20 páxinas a dobre espazo.
- E) Se o proxecto é un guión orixinal: declaración subscrita polo solicitante de que o proxecto é obra orixinal e non foi desenvolvido. Se é un guión adaptado: declaración de autorización expresa do propietario dos dereitos da obra preexistente.

Modalidades B e C: curtametraxe en soporte dixital.

A) Memoria explicativa do proxecto, cunha extensión mínima de cinco páxinas.

B) Sinopse do proxecto, cunha extensión máxima de dúas páxinas.

C) Guión definitivo da produción.

D) Calendario do proxecto e plan de produción.

E) Currículo do equipo técnico-artístico.

F) Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.

G) Calquera outra documentación que o solicitante ache pertinente para a mellor defensa do proxecto.

Modalidade D: longametraxes en soporte dixital.

A) Unha memoria dun máximo de dez páxinas onde se describa a obra que se pretende crear, xustificando o seu carácter experimental ou innovador.

B) Unha presentación audiovisual en soporte dixital (DVD), dun máximo de cinco minutos, a modo de avance do proxecto.

C) Calendario do proxecto e plan de produción.

D) Plan de financiamento, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións.

E) Historial creativo e profesional do solicitante e do equipo técnico-artístico.

F) No caso de solicitude de axuda bianual, calendario desagregado do gasto para a execución, indicando a parte executable en cada ano.

G) Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.

H) Calquera outra documentación que o solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

4. A documentación técnica dos proxectos que non teñan axuda poderá ser retirada por petición dos solicitantes no prazo de seis meses a partir da data da resolución de adjudicación. En todo caso, transcorrido o dito prazo, esta documentación será destruída co obxecto de garantir a confidencialidade dos datos.

*Artigo 4º.-Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de axudas de Galicia, a presentación da solicitude de concesión das subvencións comportará a autorización á dirección da Agadic para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Estes requisitos deberán acreditarse, de ser o caso, antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación dos pagamentos, ao abeiro do disposto nos artigos 20.4º e 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de axudas de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideren ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

2. De conformidade co establecido no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Agadic publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

*Artigo 5º.-Órganos competentes.*

A dirección da Agadic será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das axudas, correspondéndolle á presidencia do Consello de Dirección ditar a resolución de concesión da axuda.

*Artigo 6º.-Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo 7º destas bases reguladoras.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

*Artigo 7º.-Comisión de valoración.*

1. Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración, que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo 8º destas bases reguladoras, así como de propoñer a concesión ou denegación das axudas aos interesados.

2. A comisión de valoración estará formada por expertos independentes, nomeados polo director da Agadic, e será presidida polo seu director ou persoa en quen delegue. Da comisión formarán parte catro vogais, profesionais de recoñecido prestixio no mundo cultural ou audiovisual, actuando como secretario unha persoa designada polo director da Agadic pertencente ao cadro de persoal da Agadic, con voz e sen voto. Os membros das comisións de expertos declararán por escrito que non terán relación cos solicitantes

ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria anual.

3. As decisións do comité de expertos especificarán a avaliación que lles corresponde, en aplicación dos criterios de avaliación, e asignarán as cantidades específicas para cada subvención, ata esgotar o crédito dispoñible, en función das súas características específicas ou necesidades de cada modalidade.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre, se se producir algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas axudas.

#### Artigo 8º.-*Criterios de valoración.*

Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 70 puntos):

a) Calidade, creatividade e orixinalidade do proxecto (20 puntos).

b) A contribución á emerxencia dun audiovisual con mirada propia ou que contribúa a innovación e diversidade da linguaxe audiovisual (20 puntos).

c) Viabilidade da execución do proxecto: axuste entre o proxecto e o orzamento, e cobertura do financiamento (20 puntos).

d) Currículo e traxectoria do creador individual solicitante (10 puntos).

#### Artigo 9º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración emitirá o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada e a proposta de subvención asignada a cada proxecto. O órgano instrutor enviaralle o informe da comisión de valoración, xunto coa proposta de resolución, á presidencia do Consello de Dirección da Agadic.

2. A presidencia, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada, e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

3. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Agadic. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a contía da subvención concedida e a finalidade do proxecto de creación.

#### Artigo 10º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a presidencia do Consello de Dirección da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Artigo 11º.-*Modificación da resolución.*

A alteración substancial das condicións definitivas do proxecto consideradas para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que non estivesen recollidas no plan de financiamento presentado en cumprimento do artigo 3º destas bases reguladoras poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### Artigo 12º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Os beneficiarios deberán enviar unha ficha do proxecto debidamente cuberta para a súa publicación na páxina web da Agadic.

2. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos dez días hábiles desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á axuda, entenderase que a acepta e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario. A renuncia poderá facerse axustándose ao modelo que se inclúe como anexo III, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a dirección da Agadic ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º desta lei.

#### Artigo 13º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Sen prexuízo das obrigas dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas á creación, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos. As producións resultantes deberán axustarse fielmente ao proxecto presentado. Calquera alteración relevante do proxecto, cambio de título ou modificación nos responsables do equipo técnico e/ou nos papeis protagonistas do elenco artístico deberalle

ser notificada con anterioridade á Agadic, que adoptará as medidas que considere procedentes.

2. Nos títulos de crédito iniciais da produción deberá figurar en cartón único «Coa axuda da Axencia Galega das Industrias Culturais», de conformidade coa normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, en todos os materiais de promoción, distribución e publicidade da obra (carteis, músicas, portadas ou outros materiais) se fará constar que a produción contou coa axuda da Axencia Galega das Industrias Culturais.

3. Así mesmo, estarán obrigados a facilitarlle á Agadic copias da documentación empregada para a realización, promoción e difusión da obra (guión definitivo, carteis, fotografías, músicas, capas e outros materiais).

4. Os beneficiarios dan autorización expresa á Agadic para a utilización da produción resultante co obxecto da súa socialización, nas actividades de promoción e difusión que lle corresponden. En todo caso, e para a comprobación da realización da actividade ou para a socialización non lucrativa dela, a Agadic poderá realizar cantas copias consideren precisas.

#### Artigo 14º.-Xustificación da subvención de creación.

O beneficiario deberá presentar no rexistro xeral da Agadic, co prazo límite da data indicada na correspondente convocatoria anual, a memoria xustificativa da realización da subvención de creación audiovisual, que conterá:

1. Unha memoria de actuación con indicación das actividades realizadas para a escrita do guión, realización da curtametraxe ou longametraxe por duplicado. No caso de curtametraxe e longametraxe, ademais procederase á entrega de dúas copias en DVD en perfecto estado.

2. Dous exemplares do guión, curtametraxe ou longametraxe definitivos en lingua galega.

3. Certificado de inscrición no Rexistro de Propiedade Intelectual por duplicado.

4. Autorización para a socialización da actividade subvencionada con fins culturais e de promoción do audiovisual galego, por parte da Axencia Galega das Industrias Culturais.

5. Así mesmo, antes do derradeiro pagamento, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para un mesmo proxecto, tanto das aprobadas como das pendentes de resolución, das diferentes administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, de acordo coa resolución do Consello de Contas do 30 de novembro de 1999, en que se establece o mecanismo de seguimento e control de concorrencia e acumulación de axudas públicas.

#### Artigo 15º.-Pagamento.

1. Tras solicitude á dirección da Agadic, poderase autorizar un anticipo de ata o 50% da subvención. Para recibir o anticipo deberase presentar:

a) Petición do libramento con indicación dos motivos que exixen o pagamento anticipado.

b) Declaración asinada do conxunto de subvencións obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado.

2. O importe restante, tras cumprir os requisitos enumerados no artigo 14º e logo de certificación polo servizo de creación audiovisual do cumprimento das actividades obxecto da subvención.

#### Artigo 16º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as cantidades percibidas, así como os xuros de mora correspondentes, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17º.-Control.

1. Os solicitantes e beneficiarios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, ou polo Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.

2. Ademais, deberanlle facilitar á Agadic toda a información e documentación complementaria que esta considere precisa para a concesión ou o aboamento do importe da subvención de creación.

#### Artigo 18º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases, haberá que aterse ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado das axudas *de minimis*, e na restante normativa que resulte de aplicación.



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA  
 E DEPORTE

*ANEXO II*

PROCEDIMENTO <b>SOLICITUDE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO E                  PROMOCION DO TALENTO AUDIOVISUAL GALEGO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>CD207E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF/DNI
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
			CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS DO PROXECTO**

FORMATO DO PROXECTO	
TÍTULO DO PROXECTO	
<input type="checkbox"/> MODALIDADE A <input type="checkbox"/> MODALIDADE B <input type="checkbox"/> MODALIDADE C <input type="checkbox"/> MODALIDADE D	SUBVENCIÓN SOLICITADA

**DOCUMENTACION COMPLEMENTARIA QUE SE XUNTA**

<p><b>Documentación administrativa</b></p> <p><input type="checkbox"/> A) Fotocopia do DNI do/a solicitante.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Declaración suscrita polo/a solicitante de que o proxecto é obra orixinal e non foi desenvolvido.</p> <p><input type="checkbox"/> C) Declaración de autorización expresa do/s propietario/s dos dereitos da obra preexistente.</p> <p><input type="checkbox"/> E) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria.</p> <p><input type="checkbox"/> F) Certificado de empadramento en Galicia.</p>	<p><b>Documentación técnica (6 exemplares)</b></p> <p><input type="checkbox"/> A) Historial profesional do/a solicitante.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Memoria explicativa do proxecto.</p> <p><input type="checkbox"/> C) Sinopse argumental.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Tratamento ou argumento do proxecto.</p> <p><b>MODALIDADES B e C: Curtametraxe en soporte dixital</b></p> <p><input type="checkbox"/> A) Memoria explicativa do proxecto.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Sinopse do proxecto.</p> <p><input type="checkbox"/> C) Guión definitivo da produción.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Calendario do proxecto e plan de produción.</p> <p><input type="checkbox"/> E) Currículo do equipo técnico-artístico.</p> <p><input type="checkbox"/> F) Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.</p> <p><b>MODALIDADE D: Longametraxes en soporte dixital:</b></p> <p><input type="checkbox"/> A) Memoria explicativa do proxecto.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Unha presentación audiovisual en soporte dixital (DVD).</p> <p><input type="checkbox"/> C) Calendario do proxecto e plan de produción.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Plan de financiamento.</p> <p><input type="checkbox"/> E) Historial creativo e profesional do solicitante e do equipo técnico-artístico.</p> <p><input type="checkbox"/> F) No caso de solicitude de axuda bianual, calendario desagregado do gasto para a execución.</p> <p><input type="checkbox"/> G) Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.</p>
<p><b>Autorízase a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais para:</b></p> <p>1.- Comprobar, para as axudas a investimentos, o cumprimento pola entidade, das súas obrigas tributarias coa Seguridade Social e coa Facenda pública da Xunta de Galicia.</p> <p>2.- Incluir e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como as sancións impostas, segundo o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.</p>	

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Resolución do 4 de febreiro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria para a concesión de subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO   REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____  DATA DE ENTRADA ____/____/____  DATA DE EFECTOS ____/____/____  DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA   <i>Lugar e data</i>  , de de 200		

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

## ANEXO III

## MODELO DE RENUNCIA

D/Dna  con DNI nº  actuando en  
 nombre y representación de  con enderezo  
 en

**MANIFESTA**

Que o día  recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da resolución  
 de  pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de  
 subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego para  
 o proxecto   
 unha contía de  (euros).

**DECLARA**

Que renuncia á subvención concedida cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico  
 das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Lugar e data*

, de de 200

*Sinatura*

**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA  
E SOLO**

*Resolución do 26 de xaneiro de 2009 pola  
que se dá publicidade aos convenios de  
colaboración subscritos por este organismo  
no último cuadrimestre de 2008.*

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de  
transparencia e boas prácticas na Administración  
pública galega, impón a cada consellería ou entida-  
de da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Dia-  
rio Oficial de Galicia* unha relación dos convenios  
de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esta  
obriga,

**DISPÕÑO:**

Artigo único.-Dar publicidade á relación dos con-  
venios subscritos polo Instituto Galego da Vivenda e  
Solo no último cuadrimestre de 2008, que se incor-  
pora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2009.

P.D. (Resolución 16-1-2009)  
Consuelo González García

Xerente do Instituto Galego de Vivenda e Solo